

Aforro 2.0

Os produtos de electrónica de segunda man son unha opción cada vez máis utilizada polos cidadáns para aforrar na factura dos aparatos tecnolóxicos

Cada seis meses os principais fabricantes presentan novos modelos ou renovan gamas completas coas que satisfacer os cidadáns que queren estar á última en tecnoloxía. Non obstante, modelos anteriores ou con algúns anos de vixencia poden resultar moi válidos para moitos usuarios. Ademais, no ámbito das novas tecnoloxías pódense seguir uns sinxelos consellos para beneficiarse dos resultados de xeito inmediato, como que facer para alongar a vida útil do ordenador ou da batería do móbil.

Claves para realizar unha compra segura

Antes de adquirir o produto, cómpre realizar unha serie de comprobacións. Estas son as principais cuestións que se deben valorar:

Sistema operativo: como norma xeral, calquera software incluído no dispositivo ten que ser o orixinal. No caso de comprar smartphones, con sistemas operativos como Android ou iOS, é importante coñecer a versión do sistema operativo que trae o dispositivo así coma se é posible a súa actualización. É habitual que teléfonos móbiles de última xeración ao cabo duns anos deixen de recibir actualizacións de software. Para outros dispositivos, como consolas de videoxogos, o recomendable é que o dispositivo estea "reseteado" para que o novo propietario poida configurar os seus parámetros e rexistrarse coas súas propias credenciais nos servizos en liña do fabricante. Canto máis nova sexa a versión do sistema operativo, mellor.

Procesador e memoria RAM: en ordenadores, e pronto tamén en moitos smartphones e tabletas gráficas, o tipo e potencia do procesador determinará se o hardware está preparado para funcionar coas últimas versións dos principais programas e aplicacións. O mesmo acontece coa memoria RAM, á par co procesador.



Lugares de poxas en liña como eBay, páxinas de clasificados e foros de Internet son os destinos máis comúns para os usuarios que buscan este tipo de produtos. Tamén existen tendas en liña que venden de forma separada lotes de ordenadores de segunda man ou sen vender, comprados a un almacenista e que quedaron obsoletos para a súa venda en comercios.

Hai que ter en conta que para vender un produto é recomendable asegurarse que o sitio onde se produce a transacción sexa serio e achegue garantías tanto ao vendedor coma ao comprador en caso de que xurdan problemas. Entre eles, o máis habitual é que o artigo adquirido non se axuste ás características anunciadas na súa venda. Neste caso, os consumidores poden reclamar diferentes organismos, como organizacións de consumidores, ou ben interpoñer unha denuncia en caso de fraude.

Algúns fabricantes, como Apple ou como Asus, contan con produtos de electrónica de consumo restaurados ou reparados polo seu servizo técnico e que se venden nas súas tendas en liña oficiais cunha rebaixa no prezo respecto á súa venda como un novo. Estes equipos dispoñen da garantía oficial do fabricante e, polo tanto, son unha boa opción para ter en conta fronte a aparatos de segunda man. //

O máis conveniente é coñecer a potencia media do procesador dun aparato de última xeración (medida en gigahercios), así como da capacidade da súa memoria RAM (medida en megabytes e xigabytes), para elixir un modelo con parámetros non demasiado afastados.

Aspecto exterior: comprobar que o dispositivo non presenta golpes, abolladuras ou rabuños que impidan o funcionamento en condicións normais. Tamén hai que asegurarse que os seus diferentes botóns exteriores, así como os seus conectores, non contan con danos importantes. En xeral, debe ofrecer un aspecto coidado.

Pantalla táctil: nos dispositivos con pantalla táctil, é conveniente comprobar se responde de forma eficiente ao tacto en diferentes partes da pantalla. Hai que valorar se esta está rabuñada ou se presenta impactos ou suciedades.

Batería e cargador orixinal: a batería é unha compoñente do hardware que perde capacidade co tempo. É importante coñecer o estado da batería, así como as condicións para o seu reemplazo por parte do fabricante. É dicir, coñecer se o produtor aínda comercializa baterías extraíbles no mercado ou se se fai cargo do seu cambio no caso de que o dispositivo teña integrada a batería no dispositivo.

Factura de compra e titularidade: é recomendable dispoñer da factura orixinal de compra por parte do vendedor ou, no seu caso, dun documento que certifique a transacción e que se poida utilizar para acreditar a titularidade no futuro. É esencial conservar toda a documentación xerada durante a compra, incluídos os correos electrónicos ou mensaxes intercambiadas co vendedor.

Garantía do produto: convén coñecer se o produto aínda está en garantía por parte do fabricante, o seu período de expiración así como que países cobre. Por exemplo, en produtos de electrónica comprados en países asiáticos como Xapón, poden ter garantía só para esa zona do mundo ou ben contar con cobertura para calquera país. Ademais, hai que ter en conta que calquera tipo de manipulación realizada no dispositivo, tanto de hardware coma de software, invalida a garantía do fabricante.

Onde compralo?

O máis idóneo é atopar unha oferta nun lugar próximo ao domicilio do usuario. Desta forma, pódese intentar quedar fisicamente para analizar e verificar o dispositivo antes da súa compra. Non obstante, un dos costumes máis habituais á hora de adquirir un produto tecnolóxico con algún tempo no mercado é recorrer ao circuíto de segunda man.

